

5.4. ■ ■ ■ políticas de desenvolvemento rexional

■ O 1 de xaneiro de 2003 entrou en vigor a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que ten por obxecto a ordenación urbanística en todo o territorio de Galicia, así como a regulación, ordenación e protección do medio rural, dos núcleos rurais de poboación que se localicen nel e do patrimonio rural.

A citada Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural articúlase en nove títulos, constituíndo un exemplo da ordenación urbanística, o réxime dos distintos tipos elementais de solo, a execución do planeamento e un sistema de disciplina e protección da legalidade urbanística.

A análise das políticas de desenvolvemento rexional estructúrase en 4 grandes apartados. No primeiro deles, preséntase unha serie de variables que permiten caracteriza-la situación das 12 áreas funcionais de Galicia, así como a caracterización da Galicia interior e a Galicia occidental-costa.

Para a realización deste primeiro punto pártese dos datos do *Anuario económico 2003* publicado por La Caixa, da renovación do Padrón de

habitantes a 1 de xaneiro de 2002, do *Mapa comarcal de Galicia*, do *Directorio de Empresas de Galicia* publicado polo IGE, dos datos facilitados polo Ardán e a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Entre os aspectos salientables, as 24 comarcas pertencentes á Galicia occidental-costa (138 concellos) acollen o 33,6% da superficie e o 69,5% da poboación galega, sendo a súa densidade de poboación de 190,7 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,4 habitantes por quilómetro cadrado no caso da Galicia interior. En termos xerais, os diferentes indicadores económicos e variables con incidencia económica amosan unha distribución entre o interior e a costa similar á seguida polos datos poboacionais.

En termos de áreas funcionais, hai que salienta-la concentración de empresas nas áreas funcionais de Vigo e A Coruña, que acollen ó 45,6% das empresas (fonte: IGE) e facturan en torno ó 60% do valor engadido bruto e dos ingresos de explotación (fonte: Ardán).

Posteriormente, descríbense os investimen-

tos territorializados das administracións públicas, estando as últimas partes do punto dedicadas ó estudio dos indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria e de contabilidade rexional.

Desenvolvemento interior de Galicia

A primeira aproximación ó desenvolvemento interior de Galicia realizaase a partires dos datos referidos ó **territorio e poboación** en Galicia. Tal e como reflicte o **cadro C.5.10.** (*Territorio e poboación nas áreas funcionais galegas*), se considerámo-la separación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, os 138 concellos pertencentes á Galicia occidental-costa acollen o 69,5% da poboación galega segundo os datos do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2002, sendo a súa densidade de poboación de 190,7 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 42,4 habitantes por quilómetro cadrado da denominada Galicia interior.

O número de entidades de poboación na Galicia interior ascendeu a 16.283, o 54,4% do total, o que dá mostra do grao de dispersión da poboación galega.

Atendendo ós datos das diferentes áreas funcionais, A Coruña e Vigo son as que presentan a maior poboación, con 520.648 e 507.234 habitantes (o 19% e o 18,5% da poboación galega, respectivamente). En termos de densidade de poboación, a área funcional con maior densidade é Vigo, con 316 habitantes por quilómetro cadrado, seguida de Pontevedra, con 255,5 hab./km². Pola contra, as que presentan unha menor densidade son Verín e O Barco, con 21,2 e 25,1 hab./km².

No concernente ó estudio do **mercado laboral**, o **cadro 5.4.1.** reflicte que o número de parados rexistrados no Servicio Galego de Colocación (SGC) a 31 de decembro do 2002 ascendeu a 151.015 persoas, das que o 73,8% están na Galicia occidental-costa (esta acolle o 69,5% da poboación galega segundo a revisión do Padrón a 1 de xaneiro do 2002).

Atendendo á desagregación segundo o nivel de estudos, do **cadro 5.4.1.** dedúcese que o

36,7% dos parados rexistrados corresponde a persoas con EXB e un 29,8% a persoas con certificado de escolaridade. Este cadro amosa certas diferencias entre a Galicia interior e a Galicia costa, xa que o peso relativo dos desempregados con estudos de EXB, BUP e estudos superiores é maior na Galicia costa que na Galicia interior; mentres que no caso dos desempregados con certificado de escolaridade e persoas con estudos primarios sen certificado acontece o contrario.

Segundo a súa distribución sectorial, o devandito **cadro 5.4.1.** reflicte que o subsector comercio e hostalería é o que abrangue a maior porcentaxe de paro rexistrado, co 20,4% do desemprego total rexistrado en Galicia, seguido dos desempregados sen emprego anterior, co 19%, e do sector industrial, co 17,4%.

Comparado coa media galega, cómpre salienta-la elevada porcentaxe do paro industrial en Vigo e O Barco (21,7% e 21,5% do desemprego nesas áreas funcionais). A porcentaxe de persoas sen emprego anterior acada o 20,1% en Monforte, o 28,1% en Lalín e 29,3% en Ferrol, mentres que no caso da construción, fronte ó 12% de media en Galicia, nas comarcas de Verín, Monforte e Lalín, esta porcentaxe ascendeu ata o 20,8%, 18% e 16%, respectivamente. Finalmente, a importancia relativa do desemprego rexistrado no sector primario foi do 2,4% en Galicia, sendo as áreas funcionais de A Mariña e Pontevedra as que presentan a maior porcentaxe, co 4,3% e 3,8% do desemprego rexistrado nas súas áreas funcionais, respectivamente.

Os **cadros 5.4.2. e 5.4.3.** reflecten as ofertas e demandas rexistradas de media no cuarto trimestre do 2002 nas oficinas de emprego. Das 44.038 ofertas rexistradas, o 73% realizase na Galicia occidental-costa, mentres que no caso das demandas de emprego (159.957), esta porcentaxe ascende ó 71,2%.

No caso dos contratos rexistrados no Servicio Galego de Colocación, o **cadro 5.4.4.** amosa que dos 670.308 contratos (56,4% a homes), un 82% corresponden á Galicia occidental-costa. Atendendo á distribución dos contratos nas diferentes áreas funcionais segundo sector, cómpre salientar que na área funcional de

CADRO 5.4.1.

Paro rexistrado nas oficinas de emprego a 31 de decembro de 2002: distribución segundo sexo, nivel de estudos e sector económico

	Vigo	Pontevedra	Lalín	Ourense	O Barco	Verín	Lugo	Monforte	A Mariña	Ferrol	A Coruña	Santiago	Galicia	Galicia Occidental- costa	Galicia interior	
Total	31.884	18.821	2.505	14.502	1.377	2.335	10.219	2.503	2.850	13.135	29.404	21.480	151.015	111.448	39.567	
Homes	12.320	7.182	1.069	6.038	1.078	4.595	1.150	1.037	4.792	12.171	8.990	61.026	43.785	17.241		
Mulleres	19.564	11.639	1.436	8.464	1.257	5.624	1.353	1.813	8.343	17.233	12.490	89.989	67.663	22.326		
Segundo nivel de estudos																
grao superior	1.577	929	112	728	31	38	565	83	147	664	1.925	1.678	8.477	6.761	1.716	
grao medio	1.306	787	113	724	59	40	785	104	148	647	1.366	762	6.841	4.872	1.969	
Formación profesional																
BUP	2.362	1.736	249	1.007	147	128	934	299	373	956	2.332	1.583	12.106	8.893	3.213	
EAB	4.123	1.885	293	1.913	139	133	1.073	239	369	1.785	3.408	2.761	18.121	13.853	4.268	
Certificado escolar dade																
primarios sen certificado	9.254	5.155	670	5.018	579	375	667	3.056	852	970	5.216	10.106	8.531	55.389	42.792	12.597
sen estudios	654	636	175	629	43	58	1.265	3.235	861	642	3.535	9.442	5.434	45.090	31.161	13.929
Distribución sectorial																
Agricultura e pesca	855	710	53	302	16	63	201	75	123	192	529	579	3.698	2.798	900	
Industria	6.928	3.331	357	2.183	296	428	1.138	313	291	1.996	4.886	4.073	26.220	20.329	5.891	
electricidade	22	12	3	11	18	31	22	6	4	13	78	24	244	146	98	
construcción	2.627	2.036	401	2.006	209	486	1.376	451	283	1.440	3.566	3.181	18.062	12.193	5.869	
comercio e hostelería	7.208	4.151	402	2.856	289	396	2.207	406	749	2.224	6.102	3.863	30.853	23.264	7.589	
transporte e comunicacíons	946	615	67	292	30	53	336	76	64	277	874	618	4.248	3.253	995	
outros servicios	7.644	4.283	517	4.343	338	517	3.148	673	817	3.147	8.615	4.989	39.011	28.287	10.724	
sen emprego anterior	5.654	3.703	705	2.509	181	361	1.791	503	519	3.846	4.754	4.153	28.679	21.178	7.501	

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

CADRO 5.4.2.

Ofertas de emprego rexistradas no Servicio Galego de Colocación 2002: distribución segundo árees funcionais

	Total	Agrario	Construcción	Industria	Servicios	Licenciados e diplomados
A Coruña	18.378	420	3.794	3.084	8.137	2.943
Ferrol	2.266	64	550	385	1.037	230
A Coruña	9.656	129	1.842	1.899	4.305	1.481
Santiago	6.456	227	1.402	800	2.795	1.232
Lugo	4.841	167	806	552	2.744	572
A Mariña	1.020	24	209	90	449	248
Lugo	3.425	111	500	408	2.114	292
Monforte	396	32	97	54	181	32
Ourense	5.927	165	1.015	699	3.566	482
Verín	106	12	27	2	56	9
O Barco	402	39	92	41	206	24
Ourense	5.419	114	896	656	3.304	449
Pontevedra	14.892	322	3.109	2.615	7.459	1.387
Vigo	8.871	139	1.877	1.733	4.317	805
Pontevedra	5.052	175	1.037	686	2.642	512
Lalín	969	8	195	196	500	70
Galicia Occidental-costa	32.153	700	6.644	5.346	15.089	4.374
Galicia interior	11.885	374	2.080	1.604	6.817	1.010
Total	44.038	1.074	8.724	6.950	21.906	5.384

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral*

CADRO 5.4.3.

Demandantes de emprego no Servicio Galego de Colocación 2002

	Total	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
				(%)	
A Coruña	64.763	22.955	41.808	35,4	64,6
Ferrol	14.040	4.808	9.232	34,2	65,8
A Coruña	28.898	10.365	18.533	35,9	64,1
Santiago	21.825	7.782	14.043	35,7	64,3
Lugo	18.195	6.939	11.256	38,1	61,9
A Mariña	3.818	1.225	2.593	32,1	67,9
Lugo	11.655	4.569	7.086	39,2	60,8
Monforte	2.722	1.145	1.577	42,1	57,9
Ourense	23.824	8.855	14.969	37,2	62,8
Verín	2.299	977	1.322	42,5	57,5
O Barco	1.628	574	1.054	35,3	64,7
Ourense	19.897	7.304	12.593	36,7	63,3
Pontevedra	53.175	17.125	36.050	32,2	67,8
Vigo	32.585	10.603	21.982	32,5	67,5
Pontevedra	17.988	5.591	12.397	31,1	68,9
Lalín	2.602	931	1.671	35,8	64,2
Galicia Occidental-costa	113.943	38.146	75.797	33,5	66,5
Galicia interior	46.014	17.728	28.286	38,5	61,5
Total	159.957	55.874	104.083	34,9	65,1

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral*

CADRO 5.4.4.

Contratos rexistrados no Servicio Galego de Colocación 2002

	Total	Homes	Mulleres	Agricultura e pesca	Industria	Electricidade	Construcción	Comercio e hostelería	Transporte e telecomunicacións	Outros
A Coruña	285.835	157.758	128.077	5.199	40.654	423	40.836	58.371	18.568	121.784
Ferrol	33.209	19.814	13.395	450	6.429	22	6.793	5.917	1.082	12.516
A Coruña	157.409	81.910	75.489	3.031	20.955	337	20.397	37.688	10.170	64.831
Santiago	95.217	56.034	39.183	1.718	13.270	64	13.646	14.766	7.316	44.437
Lugo	65.316	34.253	31.063	2.707	5.677	20	7.173	12.845	3.642	33.252
A Mariña	17.097	8.291	8.806	1.188	1.368	4	2.067	3.072	719	8.679
Lugo	39.396	22.207	17.189	1.138	3.738	14	4.442	8.761	2.506	18.797
Monforte	8.823	3.755	5.088	381	571	2	664	1.012	417	5.776
Ourense	50.002	29.251	20.751	1.064	8.669	151	8.045	11.093	1.428	210.360
Verín	3.755	2.191	1.564	126	499	75	803	648	187	1.417
O Barco	5.304	3.462	1.842	24	2.277	26	791	1.054	159	972
Ourense	40.943	23.598	17.345	914	5.893	50	6.451	9.391	1.082	207.971
Pontevedra	269.155	156.980	112.175	8.942	45.153	147	30.402	51.313	34.973	98.225
Vigo	168.580	94.714	73.866	4.779	28.783	102	14.978	31.434	13.276	75.228
Pontevedra	91.126	55.669	35.457	3.874	14.323	32	12.363	18.291	21.231	21.012
Lalín	9.449	6.597	2.882	289	2.047	13	3.061	1.588	466	1.985
Galicia Occidental-costas	549.713	308.504	241.209	14.537	82.236	550	67.017	108.957	53.290	223.126
Galicia interior	120.595	69.738	50.857	3.375	17.917	191	19.439	24.665	5.321	240.495
Total	670.308	378.242	292.066	17.912	100.153	741	86.456	133.622	58.611	463.621

Fonte: Instituto Galego das Qualificacións. Informe comarcal do mercado laboral

Pontevedra o sector dos transportes acolle o 23,3% dos contratos nesa área, fronte ó 7,4% de media en Galicia.

No caso da construcción, estes contratos supoñen o 13,6% dos asindados en Galicia, mentres que nas áreas funcionais de Lalín, Verín e Ferrol, esta porcentaxe acada o 32,4%, 21,4% e 20,4%, respectivamente. O sector industrial acolle o 14,9% dos contratos en Galicia, sendo esta porcentaxe do 42,9% en O Barco, o 21,6% en Lalín e o 19,3% en Ferrol. No caso do sector primario, fronte ó 1,2% dos contratos rexistrados en Galicia, na Mariña e Monforte representan o 6,9% e 4,3%, respectivamente.

En relación ós **indicadores económicos** de Galicia, **cadro C.5.11.** (*Principais indicadores económicos das áreas funcionais galegas 2001*) a “cota de mercado” –índice que reflicte a capacidade de consumo comparativa mediante un termo medio de números índices de distintas variables para expresa-la participación (en tanto por 100.000 sobre o total nacional)– amosa que a Galicia occidental presenta unha capacidade de consumo de 4.315 (o 68,6% do valor do índice en Galicia) e que na Galicia interior, este é do 1.971.

Respecto ós diferentes “índices”, hai que salientar que a Galicia occidental costa ten uns valores en torno ó 70% do total de Galicia, agás no caso do índice turístico –expresa a importancia turística desta área–, que representa o 81,1% do valor total de Galicia.

Centrándonos no caso das áreas funcionais, a área funcional de A Coruña é a que presenta os maiores valores nos 8 indicadores considerados, seguida sempre por Vigo agás no caso do índice turístico, onde a área funcional de Santiago se sitúa en primeira posición cun índice de 661, e a área funcional de Pontevedra é a terceira en importancia, por detrás de A Coruña.

Pola contra, Verín e O Barco son as dúas áreas funcionais con menores valores nos diferentes índices, agás no caso do índice industrial, onde Verín é a área funcional co índice menor, seguida de Lalín, Monforte e O Barco, así como no caso do índice turístico, onde O Barco é a área

funcional con peor índice, seguida de Monforte, Lalín e Verín.

En relación ás variables con incidencia na actividade económica, **cadro C.5.12.** (*Principais variables con incidencia na actividade económica nas áreas funcionais galegas*), pódese salientar que, agás no caso das oficinas bancarias e das actividades industriais, todas seguen unha distribución Galicia occidental-costa e Galicia interior similar á existente para a variable poboacional.

Así, a Galicia occidental-costa acolle en torno ó 70% dos teléfonos, empresas, actividades comerciais polo miúdo ou actividades de restauración e bares, en tanto que a porcentaxe de actividades industriais na Galicia occidental-costa é do 65,4% e o peso relativo do número de oficinas bancarias no total galego está en torno ó 65%.

Ó igual que acontecía no caso dos diferentes índices económicos, A Coruña e Vigo son as áreas funcionais que presenta os valores máis altos das variables consideradas, agás no caso do índice de actividades de restauración e bares, onde a segunda área funcional en importancia por detrás de A Coruña é Santiago. As áreas funcionais menos desenvolvidas seguen a ser Verín e O Barco.

A partires dos datos *Directorio de empresas de Galicia* presentado polo IGE, é posible coñecer a distribución das empresas segundo a súa actividade económica e a área funcional á que pertencen.

Atendendo á distribución entre Galicia occidental-costa e á Galicia interior, os **cadros 5.4.5.** e **C.5.13.** (*VEB e Ingresos de explotación das empresas galegas 2000-01: distribución segundo áreas funcionais*) reflicten que as 24 comarcas pertencentes ó primeiro grupo acollen o 74,3% do total de empresas que teñen a súa sede social en Galicia (fonte: IGE), xerando o 84,2% do VEB de 2001 e o 85,3% dos ingresos de explotación.

Nestas comarcas salienta, por unha banda, o elevado peso relativo no total galego das empresas pertencentes ó subsector fabricación de material de transporte, co 92,3% das empresas, e das industrias do papel, edición, artes gráficas e

CADRO 5.4.5.

Empresas en Galicia a 1 de xaneiro de 2001: distribución segundo áreas funcionais

	Total	Galicia Dende este coello	Galicia Interior	Áreas funcionais de Lugo	Áreas funcionais de Pontevedra	Áreas funcionais de Vigo	Áreas funcionais de Ourense	Áreas funcionais de A Coruña	Áreas funcionais de Santiago	Áreas funcionais de Ferrol	Áreas funcionais de Lugo	Áreas funcionais de Vivero	Áreas funcionais de A Illa de Arousa	Áreas funcionais de Pontevedra	Áreas funcionais de Lalin	Total	
Industrias extractivas																	
Extracción de produtos enerxéticos	14	25	19	11	45	27	48	6	37	150	24	14	188	232	4	420	
Extracción doutros produtos minerais agás produtos enerxéticos	1	1	0	0	4	2	0	0	0	0	0	0	4	4	8	8	
Industria manufacturera																	
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	13	24	19	11	41	25	48	6	37	150	24	14	184	228	412	412	
Industria têxtil e da confección	688	3.166	1.941	317	1.130	378	1.631	180	229	2.624	1.534	522	4.742	9.598	14.340	14.340	
Industria do couro e do calzado	81	700	304	23	61	24	149	30	5	304	147	69	478	1.419	1.897	2.800	
Industria da madeira e da coriza	0	18	11	8	5	1	13	1	0	12	0	1	31	39	70	70	
Industria do papel; edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados	81	303	274	37	143	80	245	30	32	312	206	122	737	1.128	1.865	1.865	
Industria química	44	268	159	5	52	19	47	5	5	266	90	22	158	284	982	982	
Industria da transformación do caucho e materiais plásticas	7	40	21	0	10	1	20	2	1	41	19	6	46	122	168	168	
Industrias doutros produtos minerais non metálicos	6	55	10	1	16	1	25	0	0	81	17	1	53	160	213	213	
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	35	184	120	21	96	31	134	14	43	219	118	44	414	645	1.059	1.059	
Industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico	107	423	325	64	267	59	294	27	43	458	256	83	900	1.508	2.408	2.408	
Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	17	143	43	5	53	19	31	0	6	125	53	10	125	380	505	505	
Fabricación de material de transporte	25	111	59	7	33	8	52	2	5	32	7	114	352	466	508	508	
Industrias manufactureiras diversas	48	73	38	3	13	29	17	0	2	178	106	1	39	469	508	508	
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	18	43	30	5	10	5	9	0	2	12	10	5	37	112	149	149	
Construcción	1.197	4.589	2.502	501	1.777	711	2.889	297	406	3.210	2.728	714	7.650	13.871	21.521	21.521	
Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	3.359	11.445	6.979	1.099	4.381	1.510	5.230	624	650	10.368	6.968	1.370	15.356	38.627	53.983	53.983	
Hostalería	1.703	4.326	3.213	425	1.719	594	2.092	288	271	3.374	2.513	567	6.270	14.815	21.085	21.085	
Transporte, almacenamento e comunicacíons	731	2.898	1.591	255	1.440	347	1.144	204	144	2.587	1.281	427	4.272	8.777	13.049	13.049	
Intermediación financeira	177	575	322	45	214	70	232	20	31	454	224	56	688	1.732	2.420	2.420	
Actividades imobiliarias e de alugueiro; Servicios empresariais	1.329	7.052	2.904	307	1.924	389	2.252	141	174	5.005	2.488	353	5.636	18.652	24.288	24.288	
Educación	219	589	436	36	195	64	242	17	20	603	272	39	605	2.127	2.732	2.732	
Actividades sanitarias e veterinarias; Servicios sociais	377	1.334	849	86	611	121	481	32	42	1.029	623	101	1.453	4.233	5.686	5.686	
Otras actividades sociais e de servicios prestados á Comunidade; Servicios persoais	722	2.176	1.322	197	757	276	894	89	104	1.748	1.084	205	2.525	7.049	9.574	9.574	
Total industria	720	3.234	1.990	333	1.185	410	1.688	186	268	2.786	1.568	541	4.967	9.942	14.909	14.909	
Total	10.534	38.218	22.108	3.291	14.236	4.500	17.196	1.900	2.115	31.164	19.719	4.373	49.521	119.833	169.354	169.354	

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de GE, Directorio de empresas de Galicia

CADRO 5.4.6.

**Investimento público do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA.
2001-2002**

	Importe		C.A./Total 2002 (%)	02/01 (%)
	2001 (en millóns de €)	2002		
Andalucía	904,6	856,6	9,6	-5,3
Aragón	454,8	542,8	6,1	19,4
Asturias	311,7	336,5	3,8	7,9
Baleares	97,2	105,7	1,2	8,8
Canarias	198,3	196,1	2,2	-1,1
Cantabria	203,1	165,8	1,9	-18,4
Castela - A Mancha	230,0	383,2	4,3	66,7
Castela e León	563,3	578,5	6,5	2,7
Cataluña	345,5	317,6	3,5	-8,1
Estremadura	186,7	223,5	2,5	19,7
Galicia	319,5	396,0	4,4	23,9
Madrid	1.051,9	1.040,4	11,6	-1,1
Murcia	156,9	216,7	2,4	38,1
Navarra	17,2	10,8	0,1	-37,2
Pais Vasco	136,3	112,9	1,3	-17,2
Rioxa	97,6	151,2	1,7	55,0
C. Valenciana	365,6	364,1	4,1	-0,4
Ceuta	26,7	22,9	0,3	-14,2
Meillha	35,2	27,3	0,3	-22,4
Total territorializado	5.701,9	6.048,7	67,5	6,1
Non territorializado	2.289,6	2.383,8	26,6	4,1
Exterior	410,4	525,2	5,9	28,0
Total	8.401,9	8.957,7	100	6,6

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas

reproducción de soportes gravados, co 83,9%. Pola contra, a importancia relativas das industrias extractivas (e a dos seus compoñentes), acada o 55,2%, a das industrias de alimentación, bebidas e tabaco, o 55,6%, e a das industrias do coiro e do calzado, o 55,7%.

Os devanditos **cadros 5.4.5. e C.5.14.** amosan a concentración da actividade nas áreas funcionais de A Coruña e Vigo: as empresas emprazadas nestas áreas funcionais (o 45,6% do total das empresas galegas) xeran o 60,7% do valor engadido bruto e o 61,5% dos ingresos de explotación. Atendendo ás distintas ramas de actividade, Vigo e A Coruña acollen máis da metade das empresas galegas no caso das industria de transformación do caucho e materias plásticas (63,8%), da industria da construcción de maquinaria e equipo mecánico (53,1%), da industria do papel, edición, artes gráficas e reproducción de soportes gravados (54,3%), da industria téxtil e da confección (52,9%) e da industria de fabricación de material de transporte e de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico, co 50,6%.

Os investimentos territorializados das Administracións públicas

O investimento real da Administración do Estado, incluído nos Presupostos Xerais do Estado do ano 2002, acadou unha porcentaxe territorializable do 67,5% do total (0,3 puntos máis que no anterior exercicio), mentres o 26,6% figura dentro da modalidade non territorializado e o 5,9% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

Galicia recibiu da Administración do Estado (Estado, Organismos Autónomos e Entes Públicos), segundo os Presupostos Xerais do Estado para o ano 2002, un volume de investimento público real territorializable de 396 millóns de euros, o que supón un 23,9% máis que no ano anterior e o 4,4% do total do Estado (**cadro 5.4.6.**).

O comportamento dos axentes das Administracións públicas en 2001 e 2002, correspondentes o investimento civil (presupostos ini-

CADRO 5.4.7.
Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 2000-02

	Galicia			España			Galicia / España		
	2000 (2)	2001 (3)	2002 (4)	2000 (2)	2001 (3)	2002 (4)	2000 (2)	2001 (3)	2002 (4)
(en millones de €)									
PIB a precios de mercado (1)	32.707	34.786	36.841	609.319	651.641	693.925	5,37	5,34	5,31
VEB a precios básicos (1)	29.529	31.477	33.253	550.123	589.648	626.349	5,37	5,34	5,31
Remuneración de asalariados	15.407	16.159		305.452	326.646		5,04	4,95	
Excedente bruto de explotación	13.979	15.181		241.656	260.130		5,78	5,84	
(en miles de emplegos)									
Emprego total (postos de trabajo)	1.056,8	1.049,8	1.058,5	15.954,7	16.329,4	16.536,6	6,62	6,43	6,40
Emprego asalariado	762,9	764,1		13.216,6	13.578,0		5,77	5,63	

(1) prezos correntes

(2) datos provisionais

(3) avance

(4) primeira estimación

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Contabilidad Regional de España*

cias de investimento público real territorializado, excluídos gastos de defensa e os dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda realizarse en termos homoxéneos) foi o seguinte: os Concellos pasaron de 337,6 millóns de euros no ano 2001 a 357,9 millóns de euros no ano 2002; as Deputacións pasaron de 94,9 millóns de euros no ano 2001 a 100,6 millóns de euros no ano 2002; a Comunidade Autónoma pasou de 788,9 millóns de euros no ano 2001 a 750 millóns de euros no ano 2002; e o Estado pasou de 238 millóns de euros no ano 2001 a 276,1 millóns de euros no ano 2002 (**cadro C.5.6. Investimento público real territorializado pos axentes das administracións públicas 2001-2002: presupostos iniciais**).

A participación dos distintos axentes das Administracións públicas nos gastos correspondentes a investimento civil no ano 2002 reflicte a seguinte situación: a Comunidade Autónoma participou cun 50,5%; as Deputacións, cun 6,8%; os Concellos, cun 24,1%; e o Estado, cun 18,6%.

Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación tributaria de 2001 e 2002, extractada nas principais figuras impositivas, recóllese no **cadro C.5.15. (Recadación dos principais impostos estatais 2001-02)**.

A recadación líquida total en Galicia no ano 2002 foi de 4.208,3 millóns de euros. Este importe representa sobre o acadado no ano 2001 un

incremento nominal de 408,1 millóns de euros que, en termos relativos, supón un incremento do 10,7%.

En Galicia a recadación líquida do IRPF aumentou os seus ingresos no ano 2002, en termos nominais, nun 14,9%, acadando os 1.863,7 millóns de euros.

A recadación do Imposto sobre Sociedades no ano 2002 foi de 792,4 millóns de euros, cunha taxa de incremento respecto ó ano 2001 do 10,1%.

A recadación do IVE no ano 2002 foi de 1.368,1 millóns de euros, cunha taxa de variación do 11,2% respecto ó ano anterior.

Indicadores económicos de Galicia en termos de Contabilidade Rexional

No **cadro 5.4.7.**, reflíctase a evolución dos indicadores de Galicia e España en termos de Contabilidade Rexional 2000-2002. No ano 2002, a participación da economía galega no PIB estatal a prezos de mercado (prezos correntes) é do 5,31%, sendo de 5,34% no ano 2001. No ano 2002, a importancia relativa da remuneración de asalariados en Galicia no conxunto do Estado foi o 4,95%, sendo do 5,84% no caso do excedente bruto de explotación.

A avaliación da contribución de cada factor da produción ó comportamento da economía, a eficacia productiva e a competitividade da rexión,

■ ■ ■ CADRO 5.4.8.

Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 2002

	<i>unidad de medida</i>	<i>periodo de referencia</i>	Galicia	España
Producción				
PIB a prezos de mercado/hab. (1)	(España=100)	2002	79,6	100
Renda bruta disponible/hab. (2)	(España=100)		91,5	100
PIB / hab. en UPA (3)	(media UE 15=100)	2000	71,3	90,6
VEB a prezos básicos (1)				
Agricultura			6,9	3,9
Industria	(%)	2002	22,7	21,9
Construcción			9,4	8,3
Servicios			60,9	65,9
Productividade do traballo				
VEB pb/ocupado			81,3	100
Agricultura			67,0	100
Industria	(España=100)	2002	80,3	100
Construcción			86,6	100
Servicios			87,1	100
Estructura sectorial do emprego				
Agricultura			12,9	5,9
Industria	(% sobre o total dos ocupados)	2002	20,3	19,4
Construcción			12,4	11,8
Servicios			54,3	62,9

(1) Os datos de PIB a prezos de mercado e VEB a prezos básicos corresponden a "prezos constantes"

(2) Datos procedentes de Funcas

(3) Datos procedentes de Eurostat

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España e Encuesta de Población Activa ; FUNCAS e EUROSTAT

reflíctese nos datos da productividade do traballo
(cadro 5.4.8.). ■ ■ ■